

O Concello da Coruña abrirá o luns **3 de abril** o prazo para a inscrición no programa **BOLSAS EUROPA FP-PROXECTO ACOREUROPA VI.1ª CONVOCATORIA**, que permitirá que 25 titulados de ciclos medios de FP poidan facer prácticas formativas de tres meses de duración en empresas de Irlanda, Italia, Portugal, Austria e Francia.

O proxecto será desenvolto pola Concellaría de Xustiza Social e Coidados, a través do Servizo Municipal de Educación, en convenio co Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE), a Deputación Provincial da Coruña e os centros docentes asociados.

O programa está dirixido a titulados en ciclos medios de FP y desenvolverase, ata decembro de 2017, para estudantes que rematen os seus estudos e prácticas de FCT en decembro de 2016 ou en xuño de 2017.

Neste sentido, para poder participar os candidatos teñen que obter o título do seu ciclo de FP en algún dos centros públicos do municipio, que participan como socios no programa: CIFP Anxel Casal, CIFP Paseo das Pontes, CIF Someso, IES A Sardiñeira, IES Calvo Sotelo, IES Fernando Wirtz, IES Ramón Menéndez Pidal, IES Urbano Lugrís, CPR Cruz Vermella, CPR Grande Obra de Atocha e CPR Liceo La Paz.

A inscrición abrírase **do 3 ao 28 de abril**, na web educativa do Concello (www.edu.coruna.es) a través dunha ficha específica e presentando a documentación exisida nos rexistros municipais. O proceso de selección dos participantes se desenvolverá durante os meses de abril a xuño e as persoas seleccionadas poderán facer as súas **prácticas formativas durante os meses de setembro a decembro de 2017**.

Para facer a selección, a Comisión de Valoración terá en conta as cualificacións obtidas nos seus estudos de FP, a súa competencia lingüística de idiomas extranxeiros, a valoración que faga o centro e o resultado dunha entrevista persoal realizada pola Comisión de Valoración, na que estarán representados o Concello e os centros docentes socios do programa.

Para informar sobre as características e dotación das bolsas, condicións, etc., e dar resposta a todas aquelas consultas dos estudantes interesados, técnicos do Servizo Municipal de Educación están a desprazarse aos centros adscritos ao programa.

As 25 bolsas distribúense da seguinte maneira:

- Florencia (Italia): 7 bolsas
- Lisboa (Portugal): 8 bolsas
- Cork (Irlanda): 5 bolsas
- Viena (Austria): 3 bolsas
- Burdeos (Francia): 2 bolsas

As bolsas inclúen todos os gastos: as viaxes de ida e volta, o aloxamento, un seguro de accidentes e sanitario; e ademais as persoas participantes recibirán unha cantidade económica para a súa manutención e estadía. A súa **contía estimada** oscila entre os mías de 1.100 euros nos casos de Francia e Irlanda, e os 850 euros no caso de Portugal.

O Concello tamén se encarga da xestión do programa: organización das viaxes, a búsqueda de aloxamentos, a búsqueda das empresas de prácticas, así coma da tramitación da documentación ante o SEPIE.

Este é a sexta edición do programa e o **número de participantes ata agora** no programa BOLSAS EUROPA FP-PROXECTO ACOREUROPA é de **147**:

- na primeira edición, no curso 2012/13, participaron 5 titulados en ciclos superiores de FP;
- na segunda, no curso 2013/14, participaron 30 titulados de ciclos superiores de FP;
- na terceira, no curso 2014/15, participaron 52 titulados de ciclos medios de FP;
- na cuarta edición (nas súas 3 convocatorias), nos cursos 2015/16 e 2016/17, participaron 50 titulados de ciclos medios de FP;
- na quinta edición, no curso 2016/17, están a participar actualmente 10 titulados en ciclos superiores de FP.

BOLSAS EUROPA FP-PROXECTO ACOREUROPA VI está incluído dentro dos programas **Erasmus+** e conta co financiamento da Unión Europea que, a través do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE), estableciu un convenio de colaboración co Concello da Coruña para o seu financiamento.

Cun coste total de 216.235,00€ (para as dúas convocatorias, con 50 bolsas en total): a aportación do SEPIE ó proxecto é de 174.510,00 €, pola súa parte o Concello da Coruña aportará 26.725,00 € e á Deputación da Coruña unha subvención de 15.000€.

Mais información:

Servizo Municipal de Educación: educacion@coruna.es
981 18 400 ext 12114